

BASES DO CONCURSO PARA O DESEÑO DUN LOGOTIPO PARA O IES O RIBEIRO

Dende O IES O Ribeiro convócase un concurso de deseño dun logo destinado a ser a imaxe representativa do noso centro.

OBXECTIVO

Deseño dun logo destinado a ser a imaxe representativa do noso centro en toda a difusión de información sobre el mesmo, a través da súa páxina web e outros documentos.

PARTICIPANTES

O concurso está dirixido a todo o alumando do IES O Ribeiro. As propostas poderanse realizar de forma individual ou en grupo. Cada participante poderá presentar dúas propostas como máximo.

PROPOSTAS

Os deseños deberán ser orixinais e inéditos, sendo responsable o autor de que así sexa. Os participantes certificarán que o logo é froito da súa creatividade persoal, que é o seu propio traballo e que non se infrinxiron os dereitos de autor doutras persoas.

O logo pódese facer en papel ou en soporte dixital. Se se fai en soporte dixital entregárase en formato jpg ou png. Hai que ter en conta que o deseño sirva para ser impreso en tarxetas, sobres, chapas, bolígrafos, etc.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación dos deseños finalizará o venres 29 de abril. Durante este período os participantes que presenten o logo remitirán os seus traballos á dirección do centro.

XURADO

O xurado encargado de valorar as propostas estará formado por:

- Un representante do Equipo Directivo
- Un representante do profesorado
- Un representante de pais/nais
- Un representante do alumnado
- Un representante do Concello de Ribadavia
- Un representante do ámbito artístico

PREMIO

O logo premiado quedará en propiedade exclusiva e permanente do centro, que terá completa liberdade para usalo.

O centro concederá ao ganador do concurso un vale de 75€ para mercar material escolar, informático ou musical nalgún establecemento da vila de Ribadavia.